WIKIPEDIA

Lingua achinesa

Na Galipedia, a Wikipedia en galego.

O **achinés**, **aceh**, **acheh** ou **achenés** é unha lingua malaio-polinesia de Indonesia.

Achinés ***Bahsa/Basa Acèh*** بهسا اچيه	
Falado en:	Indonesia
Rexións:	Aceh
Total de falantes:	3,5 millóns (2000)
Familia:	Austronesia Malaio-Polinesia Malaio-Polinesia Nuclear Malaio-sumbawano Chámico **Achinés**
Escrita:	Latino
Estatuto oficial	
Lingua oficial de:	Indonesia
Códigos de lingua	
ISO 639-1:	`--`
ISO 639-2:	`ace`
ISO 639-3:	`ace (http://www.sil.org/iso639-3/documentation.asp?id=ace)`

Índice

Distribución xeográfica
Dialectos
Escrita
Historia
Fonoloxía
- Vogais
- Consoantes

Notas
Véxase tamén
- Ligazóns externas

Distribución xeográfica

O achinés fálase na zona litoral da provincia de Aceh, no norte de Sumatra

Dialectos

Banda Aceh, Baruh, Bueng, Daja, Pasa, Pidie e Tunong

Escrita

O achinés escribíase tradicionalmente en alfabeto árabe, pero en 1979 estableceuse un novo alfabeto de base latina.

Historia

Aceh islamizouse no século VIII, e xa no ano 804 establécese o primeiro reino islámico no territorio de lingua achinesa, a islamización puxo fin á influencia do sánscrito e deulle un verniz arabizante á lingua. No século XV Aceh era o estado máis poderoso da rexión, e aínda que o malaio era a lingua que actuaba como

oficial nos documentos escritos o achinés era predominante nos usos orais[1], pero dende 1641 a influencia achinesa comeza a declinar, en 1873 os holandeses invaden Aceh, pero non se puideron facer co control do territorio ata 1903, os xaponeses invaden o territorio en 1942, e vai ser o único lugar de Indonesia onde van atopar resistencia nativa.

Fonoloxía

Vogais

<table>
<tr><th rowspan="2"></th><th colspan="2">Anterior</th><th colspan="2">Central</th><th colspan="2">Posterior</th></tr>
<tr><th>oral</th><th>nasal</th><th>oral</th><th>nasal</th><th>oral</th><th>nasal</th></tr>
<tr><th>Pechada</th><td>i</td><td>ĩ</td><td>ɨ</td><td>ɨ̃</td><td>u</td><td>ũ</td></tr>
<tr><th>Semipechada</th><td>e</td><td rowspan="2">ɛ̃</td><td>ə</td><td rowspan="2">ʌ̃</td><td>o</td><td rowspan="2">ɔ̃</td></tr>
<tr><th>Semiaberta</th><td>ɛ</td><td>ʌ</td><td>ɔ</td></tr>
<tr><th>Aberta</th><td></td><td></td><td>a</td><td>ã</td><td></td><td></td></tr>
</table>

Consoantes

	Labial	Alveolar	Palatal	Velar	Glotal
Nasal	m	n	ɲ	ŋ	
Oclusiva	p b	t d	c ɟ	k g	ʔ
Fricativa		s	ʃ		h
Aproximante	w	l	j		
Vibrante		r			

Notas

1. Leonard Y. Andaya *Leaves of the same tree: trade and ethnicity in the Straits of Melaka*, University of Hawaii Press, 2008, páxina 139

Véxase tamén

Existe unha versión da Wikipedia en ***Lingua achinesa***

Ligazóns externas

- Ethnologue (http://www.ethnologue.com/show_language.asp?code=ace)